

CIG-SAÚDE *informa*

Temas tratados nesta Mesa Sectorial:

1. Decreto de oferta 2015.

A directora de RRHH informou que a premura en publicar, agora, o decreto de oferta de OPE 2015 ven motivado porque deste xeito perméttelles xuntar as prazas das dúas ofertas, e realizar unha oferta de prazas máis numerosa. Primeiro van publicar o decreto de oferta da OPE 2015 (mes de abril). Con posterioridade publicarán unha resolución de convocatoria que modifica a resolución anterior da OPE 2013. Esta nova resolución habilitará un novo prazo de presentación de solicitudes para as persoas que non se inscribiron na anteriore convocatoria. O persoal xa inscrito nas OPE 2013, só terán que incorporar os novos méritos que teña.

Como se pode comprobar, esta convocatoria de OPE 2015 afonda na destrución de emprego nas categorías de xestión e servizos, para facilitar a privatización. Non se convoca nin unha soa praza de celadoras/es, pinches, auxiliares administrativos ou PSX.

Como **CIG-SAÚDE** rexeitamos este decreto de OPE coa seguinte argumentación:

Exiximos unha convocatoria de OPE co 100%, manter as taxas de reposición só favorece a destrución de emprego público e as privatizacións.

No periodo 2013-2015 **vanse convocar 406 prazas de diplomados/as sanitarios/as e de persoal sanitario de formación profesional.** As vacantes

producidas deste persoal e neste periodo foron 1520.

Faltan 1.114 prazas por convocar

No periodo 2012-2015 **vanse convocar 342 prazas de FEAS**, o nº de prazas vacantes neste periodo é de 906 prazas

. Faltan por convocar 582 prazas.

No persoal de Xestión é Servizos vanse convocar no ano 2015 40 prazas, o nº de vacantes producidas desde o ano 2012 é de 1059 prazas

. Faltan por convocar 1019 prazas.

Estes datos son os recollidos nos planos de ordenación de RRHH 2012 e 2013 publicado polo SERGAS. **Polo que faltan por convocar 2755 prazas.**

2. Procesos de Provisión e Selección

Neste tema plantexamos a perversión que se produce nos criterios de cesamento. O decreto 206/2005 recolle que o cesamento se producirá por orde de prelación nas listas de menor a maior puntuación. Coa taxa de reposición os contratos que se ofertan son servizos determinados en igualdade que as vacantes, polo que de aplicar literalmente os criterios de cesamento, cesarían ás persoas de maior puntuación nas listas de contratacións. A Admón e a maioría das OOSS aceptaron que para os cesamentos os servizos determinados teñan unha consideración asimilada ao desempeño de praza vacante. Solicitamos que nas instrucións de ceses se incorpore que os cesamentos en Barbanza, Cee e Verín, serán pola súas listaxes. Os cesamentos do 061 serán por localidade, central de coordinación ou base asistencial. Neste supostos hai que aplicar os criterios xerais do decreto 206, localidade e centro.

3. Plan de Ordenación de RRHH do novo hospital de Vigo

Falouse do documento entregado na anterior mesa sectorial. Como **CIG-SAÚDE** manifestamos que as nosas alegacións xa foran presentadas na anterior Mesa Sectorial, e non aceptaron

ningunha. Que alegacións queren que presentemos a un plan de ordenación ditado, unicamente, en interese das empresas privadas que van xestionar os servizos do hospital de Vigo? O documento non é un plan de ordenación que identifique as necesidades do SERGAS para intentar solucionarlas. Este documento é un instrumento para baleirar de traballadoras/es os servizos que se van privatizar, para librar de carga a empresa privada; pois para o SERGAS as/os traballadoras/es somos unha carga que fai diminuír os beneficios privados.

4. Itinerarios profesionais

Alegrámonos de que por fin o SERGAS entre a negociar os itinerarios profesionais. Este tema é demandado por **CIG-SAÚDE** dende o ano 2005, ano no que se asinou o acordo de MUH, tardaron 15 anos. Este itinerario profesional vai permitir que nos concursos de traslados se reserve un 25% das prazas para que se poidan mover, entre eles, o persoal facultativo fixo con título de médico/a de familia, que presta servizo en atención primaria, urxencias hospitalarias, médica/o coordinador/a e médica/o asistencial do 061.

A Admón comunicounos que en breve nos vai enviar dous borradores de decreto que van regular a creación dunha categoría única de pediatra de área, eliminando a diferenza de primaria e especializada. O outro decreto vai regular a creación dunha categoría única de farmacéuticas/os. Nas/os farmacéuticas/os hai dous sistema de acceso; para farmacia hospitalaria é requisito estar en posesión do FIR, mentres que o FIR non é requisito para acceder aos postos de farmacéutica/o de primaria. Veremos como resollen isto nese borrador.

5. Constitución da comisión do grupo de traballo do novo pacto de contratacións. Martes 24 de marzo.

6. Rogos e preguntas.

A pedimento de **CIG-SAÚDE** vanse convocar tamén reunións dos seguintes grupos de traballo:

Especialidades de enfermaría vaise reunir o día 31 de marzo.

Persoal Investigador vaise reunir o día 8 de abril.

Solicitamos que na próxima reunión de mesa sectorial se abordasen os seguintes temas:

- a) Xornada complementaria de atención primaria.

- b) Negociación de carreira ordinaria. Recuperación dos acordos conxelados.

- c) Ámbito de negociación 061.

- d) Acordo 2003, creación dos postos de coordinación de Técnicos Superiores e de Técnicos de Grao Medio.